

FUNDACIÓN FRAGAS DO MANDEO

Balance económico e de xestión

Exercicio 2022

O día 6 de xullo de 2010 constituíuse Fragas do Mandeo como entidade de custodia do territorio con fins de conservación da natureza da comarca de As Mariñas. Rematado o duodécimo exercicio, publica este informe de acordo coa lexislación vixente e seguindo a política de transparencia nas contas e na xestión.

Balance de xestión

A actividade no ano 2022 caracterizouse por unha total recuperación, pois incluso superámo-los resultados de anos anteriores á pandemia e acometémo-los traballos que foran adiados. Así lográmo-lo mantemento das parcelas custodiadas no entorno do río Mandeo e da lagoa de Sobrado, e nas dúas reservas naturais que temos creado, a do Catorce e a do Olló da Roda. Nas zonas apadriñadas do dominio público nos ríos Mandeo e Mendo, no rego das Bouzas, nas praias da Alameda, Abeleira e Grande de Miño, na marisma de Betanzos e na contorna da lagoa de Sobrado, centrámo-la actividade en recoller lixo e en impedir que as especies exóticas invasoras recolonizaran as áreas nas que as tiñamos eliminado en anos precedentes.

No monte da Espenuca pode destacarse a eliminación de eucaliptos nas tenzas que temos no miradoiro, recuperando en parte as vistas sobre o lugar de Chelo, pois foi un traballo de especial dificultade polo desnivel do terreo; a pendente tamén foi un escollo para retira-la gran cantidade de refugallo voluminosos que había nelas. Na Reserva de Anfibios do Catorce pode destacarse o rareo de pinos na zona de bosque, reducindo desta maneira o risco de propagación de lumes de copa. No viveiro seguemos a cultivar 17 especies de árbores, satisfacendo as nosas necesidades de planta autóctona para reforestar.

Hai que salientar que, tras adquirirmos en agosto unha embarcación mediante unha campaña de *crowdfunding*, saímos semanalmente con ela para recoller lixo na marisma da ría de Betanzos. No río Mendo tamén se retirou moito lixo, concentrado en tres focos. Na praia da Alameda desenvolvemos a segunda fase da eliminación do foco de *Populus alba* e no rego das Bouzas retiramos unha gran cantidade de *Trasdecantia fluminensis*.

Finalmente, a biomasa das plantas alóctonas eliminadas sumou 6.377 kg, correspondente a 22 especies distintas, e o lixo recollido 8.675,9 kg, superando as cifras pre-pandémicas. Este traballo foi asumido principalmente polo voluntariado da entidade, formado por 105 persoas distintas, e co apoio

ocasional das 25 persoas remitidas por terceiros. No exercicio convocamos 15 xornadas de traballo no campo, cifra semellante á do ano 2019, aínda que o número total de participantes foi inferior.

Durante o ano aumentouse a superficie custodiada un 9 %, polo que dende un punto de vista contable, o patrimonio inmobiliario veuse incrementado respecto do ano anterior nun 3 % por adquisición de parcelas. No caso do activo corrente, baixou un 7 %.

Continuamos coas actividades de difusión das nosas actuacións e dos obxectivos da entidade, e a divulgación da custodia do territorio como instrumento xurídico para a conservación da natureza. Mantivemos actualizada a páxina web, incrementámo-los seus contidos e tódolos meses ofreceuse nova información no blog de noticias. Afortunadamente puidemos retoma-la organización da *Semana de Custodia do Territorio de As Mariñas*, celebrando a súa novena edición. Os doadores e as asociacións colaboradoras estiveron informados en todo momento dos avances efectuados.

Mantivéronse os dous convenios de custodia do territorio co Concello de Coirós e o asinado coa Universidade da Coruña, que permite ós seus alumnos realizar prácticas baixo o sistema aprendizaxe-servizo nas zonas custodiadas ou apadriñadas por Fragas do Mandeo.

Dotación fundacional e recursos

A dotación fundacional incrementouse no exercicio, tras afectarse a ela as 14 parcelas mercadas no ano, que suman unha superficie de 7.581 m². Finalmente, a extensión das parcelas en propiedade que forman parte da dotación fundacional, ou foron afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado, é de 136.778 m². No que toca ó activo non corrente, aumentou en 10.478,79 euros, para rematar totalizando a fin de ano os 73.042,68 euros.

Ingresos

O total de ingresos medrou notablemente respecto do ano anterior, acadando un incremento do 48 %. Son varias as causas deste incremento. Por importe, destacan as subidas nos procedentes de particulares, grazas á campaña de *crowdfunding*. A continuación están os procedentes de empresas e os da actividade propia.

As fontes de ingresos seguen a amosar diversidade. As doazóns en efectivo dos particulares suben un 39 % e volven a estar no primeiro posto en importancia, pois constitúen o 60 % do total. Deixando aparte a campaña de *crowdfunding*, as doazóns directas foron realizadas por 55 persoas que achegan unha media de 122,60 euros, cifras similares ó ano anterior.


Se en anos anteriores as subvencións públicas limitábanse ás outorgadas pola Deputación da Coruña, nesta ocasión hai que sumar unha do Concello de Coirós, supoñendo entre ambas o 19 % do total dos ingresos. Este limitado porcentaxe permite afirmar que a entidade amosa unha independencia económica respecto do sector público, e incluso que esta dependencia baixa (foi 5 puntos inferior á do ano anterior e 8 puntos por debaixo da media do período 2010-2022).

As doazóns de asociacións e colectivos foron o 6 % dos ingresos. As doazóns de empresas triplícanse respecto do ano anterior, acadando o 10 % do total. Por último, a actividade propia resulta no 6 %.

Resumindo: A fidelidade dos doadores e das asociacións colaboradoras segue a se-lo sostén económico da entidade.

Ingresos dinerarios	Ano 2022	Ano 2021
Doazóns de particulares	10.447,49	7.611,00
Doazón da A. C. Lar de Unta	250,00	250,00
Doazón da A. C. Roxín Roxal	300,00	0
Doazón do G. N. Hábitat	539,52	584,17
Empresas	1.732,80	547,38
Subvención Deputación da Coruña	2.259,90	2.865,80
Subvención Concello de Coirós	1.000,00	0
Subvención Agader	0	0
Donativos mesas e rastrillos	502,08	0
Outros ingresos	500,00	0
Xuros bancarios	0	0
Total (euros):	17.531,79	11.858,35


Ingresos 2022



Ingresos 2010-2022



Evolución anual dos ingresos



* Os ingresos excepcionais do 2015 e do 2019 están motivados polas subvencións do Agader para os proxectos da Espenuca e da Reserva do Catorce.

Investimentos e gastos

O exercicio do ano 2022 caracterízase por retomarmos o investimento en parcelas, pero principalmente polo notable incremento en equipamento, no que destaca a adquisición dunha embarcación destinada á campaña de recollida de lixo e retirada de invasoras na marisma da ría de Betanzos.

Ademais da embarcación, o remolque e os seus aparellos, mercáronse outros útiles necesarios (unha báscula, un mini-invernadoiro, unha impresora e un pulverizador). A nivel contable o equipamento vai amortizarse a catro anos, salvo a embarcación e o seu motor que será a dez anos, aínda que a súa utilidade nas actuacións de conservación e recuperación ambiental previsiblemente se prolongará por moitos anos máis.

Os gastos en aprovisionamento foron destinados a funxibles varios empregados no mantemento das parcelas, motivo polo que foron imputados ós proxectos da Espenuca e das dúas reservas. Tamén se asignaron a eses proxectos os importes das facturas dos traballos forestais contratados a profesionais. O importe das accións de voluntariado corresponde a seguros de voluntariado e a luvas, sumando unha cifra modesta.


O capítulo de quilometraxe volve a recuperar niveis pre-pandémicos. O seu importe non se asigna ó capítulo de gasto corrente porque a súa práctica totalidade obedece a actuacións dos proxectos en marcha, aínda que por simplificación e claridade non se disgregou entre cada un deles.

Investimentos e gastos	Ano 2022	Ano 2021
Adquisición de fincas ¹	2.684,34	0
Proxecto Espenuca	2.326,11	4.039,60
Proxecto Reserva do Catorce	2.298,28	0
Proxecto Reserva do Olo da Roda ²	2.539,70	686,23
Proxecto Sobrado	0	0
Equipamento	9.615,80	279,00
Accións de voluntariado	365,44	177,22
Quilometraxe	1.034,55	749,55
Gasto corrente	821,53	490,24
Total (euros):	21.685,75	6.421,84


¹ Inclúe os gastos aparelados de notaría e rexistro.

² Inclúe os gastos de arrendamento da parcela do Banco de Terras.


Investimento e gasto 2022



Investimento e gasto 2010-2022



Evolución anual dos investimentos e gastos



Gasto corrente


A porcentaxe de gasto corrente do exercicio é similar á do ano anterior, resultando inferior á media do período 2010-2022 (4,7 % dos ingresos fronte a un 6,4 % de media), manténdose en cifras moi baixas.

Loxicamente, debido ó aumento de ingresos respecto ó ano anterior, expresado en cifras absolutas o incremento é significativo: un 67,6 %. Boa parte desta subida débese ó aumento da actividade. Por unha banda, a adquisición dunha embarcación para realizar recollidas de lixo e eliminación de invasoras na marisma, implicou a contratación do seguro obrigatorio e o abono dunha licenza de navegación. Tamén houbo un incremento nos gastos asociados ó voluntariado. No resto dos capítulos, as cifras son similares ou con lixeiros aumentos debido ó incremento xeral de prezos.


Igual que en anos anteriores, hai que salienta-la ausencia de gastos en nóminas, pois son os voluntarios os que asumen gran parte do traballo (todo o interno e boa parte do realizado no campo). Tamén grazas á súa xenerosidade, o resto dos capítulos do gasto corrente foron moi reducidos, incluso contabilizándose como nulos os gastos de local, auga, electricidade, limpeza, mantemento, ADSL e equipamento informático. O mesmo ocorre coas tarefas de deseño e de programación da web (valorados en 15.086 euros), os contidos da web e as súas traducións (valorados en 54.640 euros), a presenza nas redes sociais, a xestión, a administración, a contabilidade e a realización de trámites oficiais, pois todos tiveron custo cero para a entidade.

Gasto corrente	Ano 2022	Ano 2021
Seguros entidade	164,33	105,45
Telefonía	246,62	248,22
Aloxamento e dominios de Internet	53,24	24,60
Papelería	17,19	21,92
Gastos varios	228,23	9,80
Comisións bancarias	68,15	40,71
Taxas	43,77	39,54
Total (euros):	821,53	490,24

Gasto corrente 2022: 4,7 %



Evolución da porcentaxe de gasto corrente




A evolución dos fondos de conservación e de actividade

Para maior claridade informativa, clasificamos os ingresos en dous fondos. Na gráfica seguinte pode observarse a evolución do fondo Conservación, efectivo procedente das doazóns de particulares, asociacións e empresas destinado exclusivamente a investir na adquisición de parcelas (incluíndo tamén os importes de notaría e rexistro). Pode observarse o incremento na dispoñibilidade de fondos para novas adquisicións, permitindo que as negociacións de compra cos titulares poidan materializarse no seguinte exercicio.

Evolución do fondo Conservación

(cifras anuais acumuladas)




O fondo Actividade nótrese das doazóns non ligadas á adquisición de parcelas, das subvencións e dos ingresos da actividade. Hai dous aspectos a salientar. Por unha banda, o elevado importe das actividades realizadas, soamente equiparable a cando se acometeu o proxecto de creación da Reserva de Anfibios do Catorce no ano 2018. Pola outra, o notable aumento do déficit acumulado no fondo. A causa disto é que o gráfico non reflicte que boa parte dese saldo negativo estará cuberto cando se ingresen as subvencións da Deputación para investimentos e actividades concedidas por este organismo durante o exercicio. Non se contabiliza a cantidade aparelada (14.469,06 euros), pois no momento de redactar este informe aínda está pendente de que aproben a xustificación dos gastos.

Por último, o gráfico amosa claramente a necesidade de dispor de liquidez para executa-los proxectos presentados nas convocatorias de subvencións da Deputación. Isto é factible grazas ó «préstamo» temporal do fondo Conservación. O desexable sería que o fondo Actividade dispuxese dun remanente propio suficientemente grande como para poder adianta-los pagos subvencionados men-

tres non se ingresan. Lamentablemente, os ingresos por actividade propia, así como as subvencións e doazóns non finalistas, seguen a ser insuficientes. Neste aspecto, hai que salientalo ingreso no ano da subvención non finalista que nos concedeu por primeira vez o Concello de Coirós, que axuda lixeiramente a paliar esta situación.

Evolución do fondo Actividade




Adquisición de fincas

As negociacións realizadas durante o ano para a compra de novas parcelas resultou na adquisición de 14 parcelas que sumaron 7.581 m². A superficie en propiedade continúa sendo practicamente igual que a custodiada mediante convenios ou cesións, totalizando unha superficie de 299.401 m².

Superficie por tipo de acordo



Superficie custodiada (m²)



Mantemento das parcelas custodiadas

A elevada cantidade de traballo durante o ano 2022 nas parcelas custodiadas e nas zonas apadriñadas obrigou a incrementa-lo apoio profesional, complementando o voluntariado cun par de traballadores forestais. Estes últimos realizaron un esforzo equivalente a 46,5 xornadas laborais de 8 horas, do total de 307 xornadas que se traballaron no campo.

Monte da Espenuca: O principal traballo deste ano foi a segunda fase da eliminación dos eucaliptos da parte alta das tenzas do miradoiro, un traballo de especial dificultade debido á enorme pendente. Tralo traballo inicial realizado no ano anterior (eliminación do mato e das árbores pequenas), nesta segunda fase cortouse o resto dos eucaliptos e xestionouse a biomasa resultante, tarefa feita por varios profesionais e un voluntario. Posteriormente, elimináronse os rebrotes en dúas ocasións. Coa axuda de varios voluntarios, recolléronse nas tenzas diversos refugallos de grandes dimensións (restos dun vehículo, unha lavadora, un sofá, etc.) que pesaron 584,45 kg. Na parcela denominada Espenuca, rozáronse os camiños interiores e parte da parcela. Plantáronse nela 20 árbores de 4 especies (abruñeiros, estripas, sanguíños e loureiros), que precisaron ser regadas varias veces no verán, para proba-la evolución destas especies na parcela. O esforzo realizado equivaleu a 37 xornadas laborais.

Monte de Os Vellois: O principal traballo neste lugar foi a plantación de 75 árbores de 7 especies distintas (carballos, loureiros, salgueiros, sanguíños, sabugueiros, estripas e pradairos), co obxectivo de incrementa-la densidade e variedade das árbores, para o que foi preciso arrincar e rozar previamente os toxos e mailas silvas. Tamén recibiron os coidados necesarios as árbores plantadas en anos anteriores. Finalmente, o traballo realizado equivaleu a 4,5 xornadas, asumido a medias entre o voluntariado e un profesional forestal.

Monte de O Bocelo: Grazas á boa recuperación que amosa, non precisou de especial atención.

Reserva de Anfibios do Catorce: A eliminación de especies exóticas invasoras volveu a requirir bastante esforzo, pois tiveron que programarse 4 xornadas de voluntariado, nas que participaron 30 persoas. O resultado foi a retirada de 604,35 kg de biomasa, toda ela de *Cyperus eragrostis*, salvo 7 kg de *Conyza canadensis* e *Aster squamatus*. Acometeuse o rareo de *Pinus pinaster* na zona de bosque, para reduci-lo risco de lumes de copa e para favorece-lo arborado autóctono. O mantemento da reserva tamén ocupou bastante tempo, con rozas en maio e setembro dos camiños, do aparcadoiro, dos miradoiros e da zona lindeira cunha vivenda, o lavado de paneis, a limpeza do refuxio de visitantes, o engraxado de bisagras das cancelas, etc. Tamén se eliminaron os rebrotes de *Eucalyptus globulus* nas paredes da antiga canteira. Todos estes traballos foron realizados a medias entre o voluntariado e un traballador forestal. O esforzo total dedicado a este espazo foi de 37 xornadas.

Reserva do Ollo da Roda: Situada na ribeira do Mendo nun tramo de río de 0,5 km de lonxitude, os traballos estiveron centrados na roza das parcelas; a primeira delas foi en inverno, plantándose 18 árbores de 6 especies distintas (abruñeiros, estripas, sabugueiros, loureiros, pradairos e cerdeiras bravas), e a segunda no outono, deixando preparada a zona para continuar reforestando no ano seguinte. Tamén rozáronse con tractor dúas parcelas para mante-los prados de ribeira. O esforzo total dedicado a este espazo foi de 6 xornadas, repartido entre o voluntariado e os profesionais.

Lagoa de Sobrado: Visitouse en dúas ocasións, nas que limpámo-lo observatorio ornitolóxico e recollémo-lo lixo nas dúas parcelas custodiadas.

Viveiro: O traballo do voluntariado no viveiro permitiu cultivar 17 especies de árbores autóctonas, de maneira que en todo momento dispuxemos de suficiente planta de ecotipo local para reforestar. En previsión das necesidades futuras, no viveiro reproducimos unha cantidade de planta moi superior á requirida no exercicio, rematando o ano con 3.212 plantas.

Apadriñamento

Durante o ano logramos acadar-lo obxectivo de recupera-lo nivel de actividade anterior á pandemia, incluso mellorando os resultados. A cantidade de biomasa de especies exóticas invasoras foi moi elevada, sumando 6.377 kg, toda ela retirada das zonas apadriñadas, excepto os 604,35 kg procedentes da Reserva do Catorce. En canto ó lixo recollido, acadou os 8.675,9 kg, tamén apañado case todo nas zonas apadriñadas, excepto os 592,75 kg nas parcelas custodiadas.

Lagoa de Sobrado: Tal como facemos nas visitas sempre que podemos, recollémo-lo lixo no aparcadoiro, en toda a contorna transitábel da lagoa e no tramo de camiño xacobeo que pasa a carón dela, sumando este ano 20 kg. Por exceso de traballo noutras zonas, as visitas non foron tan frecuentes como sería desexable.

Río Mandeo: A zona de actuación cuberta foi un tramo de aproximadamente 7,5 km (dende O Tope até a ponte de Teixeira), incluíndo tamén o tramo final do rego das Bouzas (1,3 km). Retiramos 256,4 kg de lixo e 1.251,8 kg de biomasa de especies exóticas invasoras. O esforzo realizado foi de 65 xornadas, asumido practicamente todo polo voluntariado.

No curso principal do Mandeo arrincamos 85,1 kg de *Tradescantia fluminensis*, 1.028 tubérculos *Crocasmia x crocosmiiflora*, 7 exemplares de *Acacia melanoxylon*, 0,5 kg de *Zantedeschia aethiopica*, un exemplar de *Ligustrum ovalifolium*, unha mata incipiente de *Vinca difformis* e un exemplar de *Hydrangea sp.* Aínda que non se poden dar por erradicadas estas especies exóticas, os avances son notables.

No rego das Bouzas, coa colaboración do campo de traballo, actuouse dende a súa desembocadura até a estrada local de Espenuca (incluíndo o seu afluente), aínda que permanece algún foco pendente de eliminar na contorna das pontes. Logramos retirar 1.152,45 kg de *Tradescantia fluminensis*, 1.905 tubérculos de *Crocasmia x crocosmiiflora*, e cortouse un foco grande de *Phyllostachys nigra*, do que quedou pendente para o seguinte ano desenterra-los rizomas para que non rebroten. As cifras neste rego seguen a ser elevadas, pois cada ano incrementase a superficie de actuación, eliminando focos nos que nunca se tiña traballado previamente.

Río Mendo: Cubrímo-lo tramo de 9 km aproximadamente entre a ponte das Moas e a ponte de Taibo (non incluímos neste apartado o tramo da Reserva do Olló da Roda). Retiramos 10,1 kg de biomasa de especies exóticas invasoras e 1.350,1 kg de refugallo. Esta enorme cifra de lixo corresponde case totalmente ó traballo no vertedoiro da ponte da Ermida e en dous novos focos, un localizado nas proximidades da ponte das Moas e outro baixo o viaduto da autovía. O esforzo realizado foi de 22 xornadas, practicamente todo asumido polo voluntariado.

Arrincamos 737 tubérculos de *Crocasmia x crocosmiiflora*, 6,9 kg de *Tradescantia fluminensis*, dous exemplares de *Acacia melanoxylon* e 17 de *Robinia pseudoacacia*. As cifras seguen sendo moderadas, pero non se deu por erradicada definitivamente a presenza destas especies.

Río Lambre: Dende o ano 2011 controlamos as invasoras na marisma do Lambre, pero non foi posible nesta ocasión. Tampouco recollémo-lo lixo no tramo percorrido en anos precedentes (dende Achileiro, augas arriba da minicentral de Güimil, até Ponte Lambre).

Praia da Alameda: O traballo nesta praia estivo centrado na segunda fase da eliminación dos *Populus alba*. Por ese motivo a cantidade de lixo recollido neste areal foi pouca (pesou 15,9 kg), pero a biomasa retirada de especies exóticas sumou 2.914,7 kg. Todo isto levou un esforzo de 27 xornadas, principalmente feito polo voluntariado.

Cos restos dos *Populus alba* enchéronse dous contedores industriais. Na zona húmida repasouse a presenza de *Tradescantia fluminensis* (0,5 kg) e de *Phoenix canariensis* (5 exemplares), estando ámbalas dúas preto da súa total erradicación. No resto do enclave retiramos 94 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 18,7 kg de *Conyza canadensis*, 4 kg de *Aster squamatus*, 7 kg de *Cyperus eragrostis* e 11,5 kg de *Hydrangea sp.*

Praia da Abeleira: Neste areal recollemos 34 kg de lixo e repasamos as zonas nas que eliminamos *Tradescantia fluminensis* en anos precedentes, retirando 33,85 kg, ademais de 51 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora* e 0,5 kg de *Zantedeschia aethiopica*, cun esforzo de dúas xornadas realizado polo voluntariado.

Praia Grande de Miño: Neste areal, incluíndo a parte norte da marisma de Bañobre, tras un esforzo de 15 xornadas realizado polo voluntariado, retiramos 298,8 kg de lixo e 301,7 kg de biomasa se especies exóticas invasoras, desagregadas en 105,05 kg de *Conyza canadensis*, 12 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 2 kg de *Carpobrotus edulis* e 22 kg de *Vinca difformis*. A retirada desta última levounos a arrincar 172 kg de *Stenotaphrum secundatum*, por medrar a canda ela, especie que non abordamos de xeito sistemático pola súa ampla distribución e difícil erradicación.

Marisma de Betanzos: A principal actuación foi a recollida de lixo empregando a embarcación mercada no ano, logrando retirar 6.108,1 kg de refugallos diversos. Tamén iniciamos a eliminación de invasoras, co arrincado de macollas de *Cortaderia selloana* (1.260 kg, sen conta-las follas) nun foco diante da finca do pazo de Mariñán e noutro máis pequeno no carrizal da Cangrexreira. Diante do pazo tamén arrincamos 6 exemplares de *Trachycarpus fortunei* e cortamos 10 exemplares de *Euonymus japonicus*. O esforzo realizado foi de 72 xornadas, mediante voluntariado co apoio dun profesional.

Voluntariado

Superada a crise sanitaria, recuperouse a actividade do voluntariado. Como resumo do esforzo realizado, o número de horas dedicadas polo voluntariado ó conxunto das tarefas (traballo no campo, administración, traducións, mantemento da web, etc.) equivaleu a máis de 321 xornadas laborais de 8 horas. Aínda que a entidade conta habitualmente con suficientes voluntarios para acometer todas estas tarefas, en certos casos viuse obrigada a contratar traballos forestais para realizar determinados mantementos, ben por precisarse maquinaria pesada ou por ser un tipo de tarefas que non pode realiza-lo voluntariado.

Durante o ano colaboraron 105 voluntarios distintos que participaron nunha ou varias das 15 xornadas de traballo no campo que convocamos. A media foi de 1,9 xornadas por persoa (con variacións de 1 a 15 xornadas), sumando un esforzo total de 199 xornadas de 8 horas. As mulleres constituíron o 52 % do voluntariado, facendo o 59 % do traballo. Con respecto ás idades, o rango abrangueu dende os 6 até os 79 anos, sendo a media de 43 anos. Tódalas persoas residían na provincia, excepto

unha. As do concello da Coruña foron as máis numerosas, seguidas polas de Sada e Betanzos; a continuación, en orde descendente as de Bergondo, Culleredo, Cambre, Ferrol, Oza-Cesuras, Laracha, Miño, Oleiros, Paderne, Arteixo, Curtis, Lugo e Teo.

O núcleo do voluntariado

A perspectiva cambia considerablemente se centrámolo foco no núcleo do voluntariado. As 16 persoas que participaron en máis de dúas xornadas realizaron en conxunto o 51 % do esforzo total nas xornadas de voluntariado. Neste grupo, a media de participación foi de 6,3 xornadas por persoa (con variacións de 3 a 15 xornadas). Aquí o papel das mulleres aínda foi máis relevante, pois dentro deste grupo constituían o 69 % e tamén fixeron o 69 % do traballo. Non hai variacións respecto das idades, pois tamén estaban comprendidas entre os 6 e os 79 anos, sendo a media tamén de 43 anos. Procederon principalmente de Sada, e logo por frecuencia descendente de Betanzos, A Coruña, Oza-Cesuras, Culleredo e Paderne.

Este núcleo formado polo voluntariado recorrente resulta clave. Por unha banda, realizaron máis da metade do traballo no conxunto das xornadas convocadas. Por outra, a súa experiencia facilita e dinamiza as xornadas, tendo capacidade de auto-organización e de improvisación cando resulta necesaria, axudando a que os voluntarios ocasionais se integren no grupo. O perfil tipo sería o dunha muller de idade madura que vive en Sada.

Por último, algunhas das persoas deste núcleo realizan ó longo do ano, fóra das convocatorias das xornadas de voluntariado, moito do traballo de campo.

Outro voluntariado

Durante o ano tamén contamos coa colaboración dun grupo de voluntariado ambiental da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, composto por 16 persoas, que traballaron nunha xornada dobre de fin de semana. Na nova edición do campo de traballo Monte da Espenuca —promovido por Fragas do Mandeo e xestionado polo Concello de Coirós— participaron 9 persoas.

A todo o anterior hai que engadi-la colaboración da empresa CPR Gestión nas tarefas de administración, a dos voluntarios que programan e xestionan os contidos da web e traducen os textos, ou a dos que realizan as diversas tarefas da xestión e administración diarias.

Difusión da entidade

A difusión da entidade a través de Internet seguiu sendo o principal recurso, por ser un medio con custos moi reducidos. O total de contidos da web acadou a final de ano unha extensión de 166.356 palabras para a versión en galego. Sumando os textos xa traducidos ó castelán, inglés e alemán, totalízase unha extensión de 471.064 palabras. A porcentaxe do incremento de contidos neste ano foi do 7 %, un punto porcentual superior que a media dos cinco anos anteriores.


Ó longo do ano publicáronse 30 entradas na sección de noticias, cunha media de 2,5 por mes. A través dela informouse de actuacións diversas, anunciáronse as actividades programadas e a participación da entidade en diversos eventos.

A final de ano contabilizáronse 40.621 visitas realizadas por 16.077 visitantes distintos, cun total de 143.549 páxinas servidas. A media mensual de visitantes distintos foi de 1.340 persoas. Aínda que esta cifra está a 3 puntos porcentuais por debaixo da media do período 2010-2022, significa unha forte

recuperación trala intensa baixada producida no ano 2021, pois o incremento respecto dese ano acadou o 68 %. A recuperación é menos acusada no número de páxinas servidas, pois está a 17 puntos porcentuais da media do período.


Malia a recuperación que amosan os datos estatísticos, a tendencia á redución do uso da nosa web por parte do público, como liña xeral nos últimos anos, podería deberse a varias causas. Unha delas podería ser un mellor coñecemento da entidade, o que evita ter que consultala a miúdo, ou que non hai novos contidos salientables, aparte das noticias. O posicionamento da web de Fragas do Mandeo nos buscadores seguiu a ser razoable (aínda que mellorable cando se buscan determinados termos relacionados coa súa actividade).

Dimensión da web (en palabras)




Uso da web

16.077 visitantes distintos e 40.621 visitas en 2022



Tráfico da web

143.549 páxinas servidas en 2022



Para promover-lo voluntariado ambiental na bisbarra de As Mariñas, e así poder comunicar cos potenciais participantes nas actividades programadas pola entidade, continuouse co mantemento da conta na rede social Facebook (www.facebook.com/voluntariadomandeo/). A utilización desta rede social está sendo escasa, motivado pola pouca eficacia entre o público obxectivo que se está a observar. Durante o ano publicáronse 11 comunicacións, cunha extensión total de 2.032 palabras, acompañadas de 20 fotografías e un vídeo.

A presenza nos medios de comunicación segue a ser modesta, con aparicións esporádicas na prensa e na radio.

Para dar a coñece-la entidade noutros ámbitos, Fragas do Mandeo fai presentacións sobre a súa actividade e os seus fins sempre que ten ocasión, mediante charlas e visitas guiadas a zonas custodiadas, tal como se expón a continuación.

Promoción da custodia

Igual que en anos anteriores, a promoción e difusión da custodia do territorio, e do noso traballo en particular, seguiu a facerse a través de varias liñas de actuación:

Charlas: En maio impartimos unha charla ós alumnos do curso de monitores da Escola de Tempo Libre Fervenza no Albergue Xuvenil de Gandarío.

Participación en eventos: En setembro estivemos no *II Encontro de Mocidade Voluntaria*, organizado polo Concello de Oleiros en Mera, cun posto informativo no que difundímo-las nosas actividades e as posibilidades de participar nas xornadas de voluntariado ambiental que convocamos habitualmente.

Recepción de visitas: En agosto acompañamos ós integrantes do campo de Traballo Monte da Espenuca na visita á Reserva de Anfibios do Catorce.

Organización da semana de custodia: Tras dous anos de forzoso parón, no mes de setembro celebramos a novena edición da *Semana de Custodia do Territorio de As Mariñas*, cunha conferencia telemática sobre os bosques mariñáns, a participación na limpeza simultánea dos ríos galegos e a organización da sétima eco-regata para retirar lixo na ría de Betanzos.

Participación na Rede Galega: A actividade da Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, da que formamos parte para ter unha representación ante a Administración e a sociedade en xeral, foi moi reducida.

Medios electrónicos: Na nosa páxina web seguen a manterse documentos e información actualizada relacionada coa custodia do territorio, aparte das noticias ó respecto, de maneira que o público poida informarse e resolver-las súas dúbidas nesta materia.

Política lingüística

O idioma de uso habitual na entidade é o galego. Seguindo a política de non discriminación lingüística, os doadores e mailos voluntarios poden escolle-lo idioma de relación coa entidade.

O usuario da web da entidade pode escoller entre catro idiomas (galego, castelán, inglés e alemán). Tódalas páxinas da web están traducidas do galego ó castelán xa dende o momento da súa publicación. As traducións ó inglés e ó alemán van avanzando ó ritmo que poden os tradutores voluntarios.

A final de ano o 75 % das entradas estaban traducidas. No caso da conta de Facebook, soamente se usa o galego, pois o software non facilita ter versións en distintos idiomas.

Política de igualdade

Aínda que non existen actitudes ou políticas discriminatorias, as estatísticas poden dar certa información sobre os resultados da política de igualdade da entidade.

Respecto do voluntariado, continúan tendo maior peso as mulleres, tanto considerando o número delas no voluntariado (52 %), como se valorámo-lo número de xornadas nas que traballaron (59 %).

O caso contrario deuse nas doazóns de particulares, pois continúa a diferenza en favor dos homes: Son o 53 % dos particulares que fan doazóns e achegan o 52 % do importe doado.

Os representantes no padroado seguen a ser todos homes, malia as sucesivas renovacións.

A política de igualdade tamén inclúe a non discriminación por idades. No voluntariado abrangueu un rango dende os 6 até os 79 anos, sendo a media de 43 anos. Tampouco existe discriminación por procedencia (ademais dos nativos, participaron persoas procedentes de a lo menos dous países estranxeiros), nin da cor da pel, crenzas, afiliacións, orientación sexual, etc.¹

Planificación para o ano 2023

Conforme ó plan de actuación elaborado en decembro, a previsión para o ano 2023 será centrarse nas seguintes liñas de actuación:

- Continuar coa adquisición de parcelas nalgunha das tres zonas de alto valor ambiental nas ribeiras do ríos Mandeo e Mendo, nos concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 3.750 euros.
- Face-lo mantemento das zonas custodiadas (fincas cedidas ou adquiridas en Aranga, Coirós e Oza-Cesuras) e nos espazos apadriñados mediante voluntariado ambiental, coa eliminación da flora alóctona, retirada de lixo e reforestación con especies autóctonas, para o que se contemplou un gasto de 16.000 euros.
- Realiza-lo mantemento do observatorio e das fincas de Sobrado dos Monxes, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 3.000 euros, para reparar actos vandálicos e as deterioracións naturais acumuladas co paso do tempo.
- Realizar actuacións de voluntariado ambiental, cunha previsión de gasto de 1.550 euros.
- Promove-la custodia do territorio en Galicia e difundi-la entidade, para o que se prevén 100 euros, mediante a participación en xornadas ou encontros, colaborando coa Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, organizando a *X Semana de Custodia do Territorio de As Mariñas*, e facendo difusión a través da páxina web da entidade e na rede social Facebook.

Aplicación dos principios de transparencia e boas prácticas

Dende o seu nacemento, Fragas do Mandeo ten a vontade de segui-los principios de transparencia e boas prácticas recomendados pola Fundación Lealtad (presentados a continuación na versión actuali-

¹ Nas inscricións do voluntariado non se pregunta a nacionalidade nin os outros datos de índole persoal citados.

zada no ano 2020), como mecanismo para garantir que se dea resposta ás demandas de información da sociedade.

1. Misión clara e pública

- A. *“La misión está bien definida: La misión delimita claramente los campos de actividad y sus beneficiarios.”*

O fin social está definido no artigo 6 dos estatutos, e o público ó que se dirixe no artigo 11. A misión da entidade explícase en detalle na páxina web, estando tamén dispoñible na mesma o texto íntegro dos estatutos.

- B. *“Todas las actividades están alineadas con la misión: Todas las actividades y proyectos que realiza la entidad, el ámbito geográfico en el que se desarrollan y los beneficiarios a los que se dirigen están alineados con los fines estatutarios.”*

Tódalas actividades programadas e realizadas cumpren co contemplado no artigo 7 dos estatutos, seguindo a mesma liña de traballo dende a constitución da entidade; realizáronse dentro do ámbito de actuación indicado no artigo 2 e os beneficiarios delas estaban dentro do establecido no artigo 11.

- C. *“Existen criterios formalizados para la selección de proyectos y contrapartes: Los criterios de selección de contrapartes y proyectos están recogidos en un documento aprobado por el órgano de gobierno. Se considera contraparte cualquier entidad que reciba fondos y/o bienes de la organización para el desarrollo de su misión.”*

O documento dos criterios de selección de contrapartes e proxectos está pendente de elaborar (de momento resulta innecesario pola inexistencia de contrapartes).

2. Planificación, seguimento e orientación ó impacto

- A. *“Elabora una planificación detallada con objetivos cuantificables: Existe un plan que abarca todo el ejercicio y todas las áreas de la organización. Detalla actividades, objetivos cuantificados e indicadores. Este documento está aprobado por el órgano de gobierno.”*

Durante o ano 2022 seguiuse o plan de actuación correspondente aprobado o ano anterior polo órgano de goberno. Para o seguinte exercicio elaborouse o plan de actuación do ano 2023, onde se detallan as actividades, obxectivos e indicadores, entregado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

- B. *“Los resultados obtenidos se comparan anualmente con los objetivos planificados: En reunión del órgano de gobierno se exponen las desviaciones entre los objetivos y los resultados. En caso de necesidad se plantean medidas correctoras.”*

Tódolos anos faise un informe de liquidación do plan de actuación, onde compáranse os obxectivos acadados cos previstos, revisado e aprobado polo padroado.

- C. *“Existe un sistema de seguimiento de su actividad y beneficiarios: El procedimiento de control y seguimiento abarca la actividad (seguimiento de proyectos, programas, reuniones...) y los beneficiarios (asistencia, planes individuales, encuestas de satisfacción...). Este procedimiento está aprobado por el órgano de gobierno.”*

Existe un seguimento básico da actividade e da participación, pero non se realizaron enquisas de satisfacción. Polo pequeno volume de actividade, non se considera necesaria unha formalización exhaustiva aprobada polo órgano de goberno.

- D. *“El órgano de gobierno analiza el impacto generado: En reunión de órgano de gobierno se revisa la estrategia de la organización teniendo en cuenta el impacto generado por las distintas actividades.”*

O padroado revisa de maneira continuada a estratexia da entidade en función dos resultados obtidos nas reunións programadas periodicamente.

3. Órgano de goberno independente, activo e público

- A. *“El órgano de goberno está constituido por un mínimo de 5 membros: Un mínimo de 5 membros del órgano de goberno cuenta con voz y voto. A efectos de este principio, se entiende por órgano de goberno el Patronato en las fundaciones y la Junta Directiva en las asociaciones.”*

Tal como regulan os estatutos, o padroado está composto por tres membros, en representación das tres entidades que participaron na creación de Fragas do Mandeo. Aínda que a recomendación é que debe estar constituído por un número maior, considérase que o modesto tamaño da entidade non require máis membros dos que ten. Asemade, dado o seu carácter de representantes de entidades, significa a existencia dun segundo nivel de control da súa xestión.

- B. *“Los miembros del órgano de goberno se renuevan periódicamente: En los últimos 5 años se ha incorporado, como mínimo, un nuevo miembro al órgano de goberno.”*

Os estatutos contemplan a renovación periódica do órgano de goberno cada dous anos. A última foi en xullo do ano 2022, aínda que non houbo novos membros (son representantes de entidades, escollidos polas súas organizacións).

- C. *“El órgano de goberno se reúne periódicamente con la asistencia regular de sus miembros: Se realizan al menos dos reuniones al año del órgano de goberno con la asistencia de más del 50 % de los miembros. Todos asisten a una reunión presencial o por videoconferencia al año.”*

O padroado reuniuse en xunta de goberno 9 veces no ano 2022, participando tódolos seus membros. Tódalas reunións foron presenciais.

- D. *“Están limitadas las relaciones económicas del órgano de goberno con la organización, sus entidades dependientes y sus proveedores: Menos del 40 % de los miembros del órgano de goberno recibe remuneración de cualquier tipo por parte de la propia organización, sus entidades dependientes o sus proveedores.”*

Ningún membro do padroado ou do voluntariado percibe ingresos da entidade ou provedores, directa ou indirectamente (coa excepción dos gastos de quilometraxe por desprazamentos realizados cos vehículos particulares en actividades da entidade).

- E. *“Se aplican mecanismos para evitar los conflictos de interés: La organización informa de las relaciones de parentesco o afinidad relevantes del órgano de goberno con el equipo, proveedores, contrapartes, beneficiarios u otros grupos de interés. Los mecanismos para evitar conflictos de interés están aprobados por el órgano de goberno. Si han existido situaciones de conflicto de interés, se han aplicado dichos mecanismos.”*

Non existen relacións de parentesco ou afinidade do padroado que teñan relevancia. Están pendentes de elabora-los mecanismos formais de resolución dos conflitos de intereses no órgano de goberno, polo que en caso de existir bastaría con expresalos nas xuntas de padroado. Durante o ano non apareceron conflitos de intereses.

4. Financiación diversificada e transparente

- A. *“Los ingresos están desglosados por financiador: Existe un desglose de los ingresos detallado por partidas: organismos públicos, entidades privadas, personas físicas, otros. En los ingresos provenientes de entidades, tanto públicas como privadas, se detalla el nombre del financiador y el importe.”*

Os ingresos están detallados nas memorias anuais, desagregando particulares e entidades. Aparecen nela os nomes das asociacións e dos organismos públicos, e os importe que doaron. Non hai financiamento de partidos políticos.

- B. *“La organización tiene su financiación diversificada: Se entiende por financiación diversificada: 1) En los últimos dos años ningún financiador ha aportado más del 50 % de los ingresos. 2) La financiación privada representa como mínimo el 10 % de la financiación total. Si la entidad gestiona contratos de la administración y/o*

convenios de la Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo, éstos se deducen de los ingresos para realizar los cálculos. Los ingresos que las federaciones y confederaciones traspasan a sus entidades federadas, también se deducen de estos cálculos.”

O financiamento pode considerarse diversificado pois, dende a constitución da entidade, ningún financiador ten achegado máis da metade do total dos ingresos (no ano 2022, a maior doazón dun particular foi o 3 % do total, a dunha asociación o 3 % e a dunha empresa o 6 %). A meirande parte procede de particulares e asociacións (58 % no conxunto do período 2010-2022, sendo o 66 % no 2022); os ingresos por actividade propia no exercicio foron o 6 % (11 % no período 2010-2022) e as achegas empresariais seguen a ser modestas (4 % no período 2010-2022 e o 10 % neste exercicio). Non existe dependencia de fondos do sector público, pois foron do 27 % no período 2010-2022, sendo neste exercicio o 19 % do total dos ingresos. Non houbo nin contratos nin convenios da AECID.

- C. *“Existen criterios formalizados para la selección de entidades colaboradoras. La organización cuenta con una política de selección de entidades colaboradoras que contiene criterios que pueden ser positivos y/o excluyentes. El documento está aprobado por el órgano de gobierno. Se entiende por entidad colaboradora aquella que participa en proyectos de la organización ya sea económicamente o con otro tipo de aportaciones.”*

Os criterios formalizados para a selección de entidades colaboradoras están pendentes de redactar (de momento resultan innecesarios pola inexistencia de entidades que se impliquen directamente nos nosos proxectos, máis alá de colaboracións puntuais).

5. Control do uso dos fondos

- A. *“Se detalla la distribución de los fondos entre misión, administración y captación de fondos: Existe un desglose del porcentaje de gasto entre misión (proyectos), administración y captación de fondos. En caso de que la entidad realice algún tipo de actividad económica, el desglose también incluye esta partida.”*

A memoria anual informa da distribución de fondos entre o destinado a misión e a gastos de administración. Non houbo partidas para captación de fondos nin para realizar actividades económicas.

- B. *“Están desglosados los ingresos y gastos de las actividades de captación de fondos. Se detallan las actividades y campañas realizadas para la captación de fondos privados (eventos, venta de lotería, mercadillos...). Existe un desglose de los ingresos y gastos asociados a dichas actividades, incluyendo las campañas «face to face» si las hubiera.”*

Fíxose unha campaña de *crowdfunding*, na que se ingresaron 2.899,49 euros e non houbo gastos. Houbo dúas vendas no rastrillo por 502,08 euros, limitándose os gastos a 42,08 euros de portes.

- C. *“Cuenta con mecanismos para el control de los fondos dirigidos: Cuando una organización cuenta con fondos dirigidos, existen mecanismos de trazabilidad que garantizan que esos fondos son destinados a ese fin. Se consideran fondos dirigidos aquellos recaudados para una finalidad concreta.”*

Habitualmente non existen fondos dirixidos nin de apadriñamento, dado que a misión da entidade é moi concreta e local. Os doadores teñen forma de saber con anticipación en que van investirse as súas achegas, por estar explicado na web da entidade. Este ano houbo unha excepción, a campaña de *crowdfunding* para a iniciativa de recollida de lixo na marisma mediante embarcación, á que se destinaron tódolos ingresos obtidos nela.

- D. *“Existe una política para la aprobación de gastos y proveedores: Las políticas de aprobación de gastos y selección de proveedores establecen, como mínimo, el número de presupuestos a solicitar, los responsables de*

su autorización en función de la cuantía y los criterios aplicados. Ambas políticas están aprobadas por el órgano de gobierno.”

O baixo nivel de aprovisionamento da entidade fixo innecesario establecer unha política de aprobación de gastos e selección de provedores. En exercicios anteriores, cando se recibiron subvencións do Agader, solicitáronse en cada caso tres provedores, co coñecemento do padroado.

6. Sostibilidade financeira

- A. *“Elabora anualmente un presupuesto y su correspondiente liquidación: La organización elabora un presupuesto anual detallado por partidas de ingresos y gastos. Se realiza la correspondiente liquidación presupuestaria, comparando los importes presupuestados con los ingresos y gastos reales. Ambos documentos están aprobados por el órgano de gobierno.”*

O plan de actuación elaborado anualmente contempla os presupostos e na liquidación compáranse as previsións cos ingresos e gastos reais. Tanto a súa elaboración coma a súa liquidación son aprobados polo padroado.

- B. *“La organización no tiene una estructura financiera desequilibrada: La situación financiera de la entidad no presenta desequilibrios que pongan en riesgo su continuidad, por ejemplo, fondos propios negativos.”*

A estrutura financeira é equilibrada, estando ausentes os compromisos financeiros.

- C. *“No se acumulan fondos de forma injustificada: Los recursos acumulados por la entidad incluyendo inversiones y tesorería no representan más del 150 % del presupuesto de gasto de la entidad o del gasto previsto para el siguiente ejercicio. Esto supone un año y medio de actividad.”*

Todo o excedente do exercicio aplícase a reservas. As mesmas serán destinadas á compra de novas fincas —que serán afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado— en canto frutifiquen as negociacións en marcha. Aínda que o obxectivo é investir estas reservas canto antes, a propia natureza destes investimentos implica certa incerteza no ritmo da súa aplicación.

- D. *“Las inversiones financieras cumplen unos mínimos criterios de prudencia: En caso de contar con inversiones financieras, estas cumplen con criterios de prudencia y minimización de riesgos. Existen unas normas de inversión alineadas con el Código de Conducta relativo a las inversiones de las entidades sin ánimo de lucro de la CNMV. Esta política está aprobada por el órgano de gobierno. Las participaciones en sociedades no cotizadas están alineadas con la misión.”*

Non se teñen feito investimentos financeiros no presente ano, nin están previstos para os próximos.

- E. *“Las participaciones en entidades vinculadas contribuyen a la misión: Las entidades vinculadas están alineadas con la misión de la organización. Las transacciones se realizan de acuerdo a criterios de prudencia y minimización del riesgo.”*

Non existen entidades vinculadas.

7. Comunicación transparente e veraz

- A. *“La página web está completa y actualizada: La organización cuenta con una página web propia. Como mínimo, incluye información de proyectos, composición del órgano de gobierno y equipo directivo, memoria de actividades, cuentas anuales auditadas y datos de contacto.”*

A entidade conta cunha páxina web propia, extensa e permanentemente actualizada. Informa dos proxectos, da composición do padroado e figuran os datos de contacto polos distintos medios. Nela publícanse os informes anuais de balance económico e de xestión.

Non se ten realizado unha auditoría externa das contas polo reducido volume destas e para aforra-lo custo aparelado de facela.

- B. *“La comunicación no induce a error: La información contenida en todos los materiales y canales de comunicación refleja la imagen fiel de la organización. Si existen vínculos con partidos políticos, entidades religiosas, empresas, etc., son públicos en la página web.”*

A web da entidade, os informes anuais e o folleto impreso recollen fielmente a información sobre a entidade.

- C. *“Se informa proactivamente al donante sobre la actividad: Se mantiene una comunicación regular con donantes y colaboradores informando sobre actividades, beneficiarios y evolución de la entidad.”*

Os doadores e colaboradores reciben información periódica por correo electrónico, incluídas as asociacións colaboradoras.

- D. *“La organización vela por el buen uso de su marca: La organización protege su marca y sus logotipos.”*

Non se cedeu o uso do logotipo a terceiros nin se ten constancia do seu uso indebido.

8. Voluntariado formado e participativo

- A. *“Promueve el voluntariado y tiene definidas las actividades que realiza: La ONG cuenta con voluntarios activos y recurrentes. Detalla las áreas de actividad en las que pueden colaborar.”*

A entidade promove o voluntariado ambiental nas charlas que imparte e difunde por diversos medios as convocatorias de xornadas de voluntariado, nas que detalla as actividades a realizar. Durante o ano 2022, participaron 105 persoas distintas nas 15 xornadas que convocamos. A estas cifras hai que suma-la colaboración das 16 persoas remitidas pola Xunta de Galicia no seu programa de voluntariado ambiental e as 9 persoas do campo de traballo.

A participación do voluntariado no conxunto das tarefas (traballo no campo, administración, traducións, mantemento da web, etc.) traducíuse nunha dedicación equivalente a máis de 321 xornadas laborais de 8 horas.

- B. *“Dispone de un plan de formación para voluntarios: El plan de formación incluye como mínimo la formación de acogida y acompañamiento.”*

Antes do inicio de cada actividade, os voluntarios reciben as debidas explicacións. Non se precisa dun plan de formación específico pola pouca duración das actividades.

- C. *“Los voluntarios están asegurados y cuentan con los certificados pertinentes: Los voluntarios están registrados y asegurados en función de la actividad que realizan. Cuentan con los certificados requeridos por la normativa (ejemplo: Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual para voluntarios que tienen contacto habitual con menores).”*

As actividades de campo nas que participaron os voluntarios estiveron cubertas por un seguro de accidentes e responsabilidade civil contratado por Fragas do Mandeo. Os tipos de actividades non requiriron certificados.

9. Cuestións normativas

- A. *“Existe un canal de denuncias a disposición de todos los públicos de la entidad: La organización tiene un canal de denuncias disponible a través de su página web. Cuenta con un procedimiento en el que se detalla quiénes son las personas designadas para recibir, investigar y gestionar las denuncias. Al menos una vez al año se presenta al órgano de gobierno un resumen de los principales datos de actividad del canal de denuncias con las medidas tomadas.”*

O público da entidade ten á súa disposición na web o enderezo electrónico, a través do que pode formular calquera denuncia ou queixa, que será lida e xestionada por un membro do padroado. Non existe un procedemento determinado, pois dende a súa constitución nunca existiron denuncias.

- B. *“Vela por el cumplimiento de la normativa de protección de datos: Existen mecanismos para el correcto tratamiento de los datos de sus donantes, beneficiarios y otros grupos de interés aplicando la normativa vigente en protección de datos de carácter personal.”*

Cúmrese coa normativa de protección de datos. Vélese pola confidencialidade dos datos de carácter persoal e na súa recollida infórmase dos dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición que outorga a lei.

- C. *“Existe una política de gestión de donaciones en efectivo y control de donaciones anónimas: La organización cuenta con una política que permite identificar la procedencia de todas las donaciones y los mecanismos a seguir en caso de donaciones anónimas. Además, existe un procedimiento que establece cómo se controlan las donaciones recibidas en efectivo.”*

Os donativos en efectivo son cifras marxinais (ningunha no ano 2022), polo que non resulta necesario un procedemento predefinido.

- D. *“Cumple con las obligaciones legales ante protectorados y registros: La entidad cumple la normativa referida a los trámites, información y depósito de documentación ante los registros y organismos correspondientes. Las cuentas anuales están aprobadas por el órgano de gobierno correspondiente.”*

A entidade cumpre con todas estas obrigas legais e, obviamente, as contas están aprobadas polo padroado.

- E. *“Está al corriente de pago de las obligaciones ante la Administración Tributaria y la Seguridad Social: La organización está al corriente de pago de sus obligaciones tributarias y ante la Seguridad Social y cuenta con certificados actualizados y vigentes que lo demuestran.”*

A entidade está exenta do Imposto de Sociedades, remitiu os certificados de doazóns ós respectivos doadores e informou delas á Axencia Tributaria en tempo e forma para que aplique as deducións; non ten obrigas coa Administración Tributaria nin a Seguridade Social (de feito, non ten empregados); ten entregada a documentación requirida ó protectorado da Xunta de Galicia e conta co certificado de rexistro.